Tanto as probas escritas como as prácticas de taller establécense de forma que se teñen que acadar os mínimos exigibles recollidos no punto 4. Así, establécense que en cada un destes apartados hai que acadar unha nota mínima de 4 para poder realizar a ponderación indicada.

- Para aprobar cada avaliación a nota media mínima é de 5 puntos sobre 10.
- É necesario aprobar as 2 avaliacións para aprobar o módulo.
- A nota final é a media aritmética das 2 avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os criterios de cualificación para as recuperacións serán os mesmos que os aplicados durante o curso, polo tanto, para recuperar a materia é necesario superar todos os mínimos exigibles. As actividades de recuperación serán individualizadas, de xeito que cada alumno terá que recuperar soamente os criterios de avaliación non superados en cada avaliación.

Antes do remate da primeira avaliación, será posible recuperar as probas prácticas e os exames referidos aos contidos non superados. No caso da 2ª avaliación será posible recuperar antes de que remate dito trimestre, para darlle a oportunidade ao alumnado de poder facer as FCT na 3ª avaliación. En canto ás probas prácticas permitirase que o alumno as volva a realizar e respecto aos exames, consistirá nunha proba escrita. Os alumnos co módulo suspenso unha vez rematada a 2ª avaliación, terán dereito a clases de recuperación, que se celebrarán no período correspondente á 3ª avaliación e á avaliación final. Neste período realizaranse actividades de recuperación consistentes na repetición das prácticas pendentes polo alumnado asistente. Ademais, reforzaranse os contidos teóricos necesarios. Nestes casos realizarase unha proba de recuperación no mes de xuño, na que se avaliará a materia pendente ao longo do curso. A maiores da proba, tamén se lle esixirá a dito alumnado que faga e

recupere as actividades propostas e que teña pendentes ao longo do curso. Polo tanto, a avaliación final consistirá en realizar prácticas e exames correspondentes á materia non aprobada nas avaliacións parciais, sendo necesario ter aprobadas as memorias e traballos da materia.

A proba extraordinaria antes de rematar o curso na que deberá demostrar uns coñecementos e habilidades mínimas nunha proba teórico-práctica de coma máximo cinco horas de duración.

As probas que se establezan desenvolveranse de acordo ós seguintes puntos:

1. Exame teórico-práctico dos contidos das U.D. non superadas. (2 horas) (50% da nota final)
2. Exame de taller, consistente na realización dunha ou varias prácticas realizadas ao longo do curso académico. (3 horas). (50% da nota final)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que perdan o dereito á avaliación continua realizarán unha proba que comprenderá as unidades desenvolvidas durante as dúas avaliacións e estará deseñada a partir dos criterios mínimos. A proba terá dúas partes:

- Proba escrita: Resolución de cuestións teóricas e de exercicios sobre as unidades desenvolvidas no curso.
- Proba práctica: Montaxe e configuración de unha ou varias prácticas semellantes ás feitas na clase durante o curso.

Cada unha das partes cualificarase cunha puntuación de 1 a 10, exixíndose un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes para aprobar.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para realizar o seguimento da programación utilizarase o portal telemático de programación no que se leva un control da actividade docente no que se indican as actividades previstas e as realizadas indicando, se é o caso, as causas do incumprimento da programación.

A avaliación da práctica docente farase desde dúas vertentes:

- De xeito persoal, analizando con sentido crítico a marcha do curso e os resultados obtidos por parte do alumnado.
- Sometendo a práctica docente á opinión do alumnado mediante enquisas/questionario trimestrais e/ou final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso sobre toda a materia e ao iniciar cada unidade didáctica que sexa orixe de unha unidade formativa farase unha avaliación inicial de diagnóstico sobre os contidos previos necesarios para abordar cada unidade mediante algunha das seguintes actividades:

- Solucionar unha proba escrita consistente en varias preguntas sobre os aspectos claves.
- Realizar unha charla-coloquio con preguntas rápidas sobre os aspectos claves que se tratarán na unidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando o progreso dun alumno/a non responda globalmente ós obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

1.- TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Nesta materia tratarase de estimular á lectura dos seguintes modos:

- Lectura colectiva dos apartados introdutorios de cada unidade didáctica ou bloque de contidos
- Lectura dos enunciados das actividades propostas
- Proposta de realización de traballos teóricos para os que se requirirá a lectura de libros e artigos relacionados co tema a tratar.
- Lectura dos apuntes para a elaboración de esquemas-resumes.

2.- TRATAMENTO E FOMENTO DAS TICS

Utilización da ferramenta informática para:

- Búsqueda de información na rede.
- Utilización de páxinas interactivas que tratan contidos da materia.
- Deseño e mantemento dun Blog da materia por parte do alumno.
- Aula virtual (Moodle) <http://http://electronia.moodlehub.com/>

3.- EDUCACIÓN EN VALORES

Procurarase que todas as UD do módulo se faga referencia a algún dos seguintes temas:

- Respecto ás minorías e aos que son diferentes por razón de relixión, política, raza e/ou opción sexual.
- Medio ambiente, a ecoloxía e ou desenvolvemento sostible .
- A igualdade de xénero.
- Consumo responsable.
- As relacións humanas asertivas e empática

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Posibilidade de visitas a diferentes empresas, aulas didácticas, exposicións, etc., co fin de axudar a comprender a teoría impartida no aula.

10.Outros apartados

10.1) Coñecemento da programación

A programación para alumnos, unha vez revisada e pechada, estará a disposición do alumnado no servidor web do centro. Tamén se poderá obter, baixo petición expresa, mediante acceso á aula virtual do módulo e a súa posterior descarga.

10.2) Escenarios de docencia semipresencial e non presencial

A docencia do ciclo é presencial.

Aínda así, establécense escenarios para a docencia en situacións excepcionais que serán valoradas polo Equipo Directivo, Equipo docente , Titor e profesor ou profesora.

DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

RECURSOS

- O alumnado deberá dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, e as aplicacións e ferramentas necesarias para o desenvolvemento do módulo.

SESIÓNS DIDÁCTICAS

- O alumnado acudirá á clase por quendas de presencialidade.
- Cando os estudantes non poidan acudir ás sesións presenciais, deberán conectarse a través da aplicación de videoconferencia corporativa dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abiráselle expediente disciplinario a/ persoa/s involucradas.

ACTIVIDADES

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a aula virtual usada en clase.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas, por motivos xustificados ou inxustificados, dentro de prazo programado, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito presencial a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

EXAMES

- Os exames se realizarán por quendas de presencialidade.
- Os alumnos e alumnas deberán presentarse na data e hora asignadas para a realización dos exames.
- A non asistencia aos exames na data e hora asignadas, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito á repetición das probas.

AVALIACIÓN

- A avaliación rexerese polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

DOCENCIA NON PRESENCIAL

RECURSOS

- O alumnado deberá dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, e as aplicacións e ferramentas necesarias para o desenvolvemento do módulo.

SESIÓNS DIDÁCTICAS

- O alumnado seguirá ás clases de xeito telemático, empregando a aplicación de videoconferencia corporativa.
- Os estudantes deberán conectarse dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

ACTIVIDADES

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a aula virtual usada no módulo.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas dentro do prazo programado, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

EXAMES

- Os exames se realizarán de xeito telemático e poderán consistir, entre outros, en formularios, entregas de arquivos, cuestionarios orais, etc.
- Os alumnos e alumnas deberán realizar os exames na data e horario programados.
- A non realización dos exames, por motivos xustificados ou inxustificados, na data e horario programados, non dará dereito á repetición das probas.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 no exame.

AVALIACIÓN

- A avaliación rexeráse polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE02	Instalacións de telecomunicacións	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0238	Instalacións domóticas	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARLOS MARTÍNEZ RICÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo non está adecuado ao ámbito produtivo (non hai empresas de domótica (KNX, X-10); pero si, empresas nas que os automatismos programables e automatismos cableados teñen presenza).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe						
					MP0238_00						
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7
1	Iniciación a Domótica	Introducción os sistemas domóticos.	5	5	X	X	X				X
2	Automatismos cableados	Repaso e ampliación de automatismos cableados.	10	5	X	X	X	X	X	X	X
3	Sensores e actuadores	Introducción os sensores e actuadores que se empregan en domótica.	20	5	X	X	X	X	X		X
4	Sistema por correntes portadoras X10	Introducción o sistema X-10.	7	5	X	X	X	X	X	X	X
5	Sistemas de BUS: KNX e LON WORKS	Introducción o sistema domótico KNX.	50	40	X	X	X	X	X	X	X
6	Sistema por autómatas e relés programables	Introducción os PLC.	55	40	X	X	X	X	X	X	X
Total:			147								

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciación a Domótica	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica áreas e sistemas automáticos que configuran as instalacións automatizadas en vivendas e edificios, e analiza o funcionamento, as características e as normas de aplicación.	NO
RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e reconece o seu funcionamento.	NO
RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer que é, e para qué se emprega a domótica.	1	Domótica	1,0
2.1 Coñecer as diferentes solucións que existen no mercado para automatizar unha vivenda ou Edificio	2	Areas de aplicación da domótica	1,0
3.1 Identificar os elementos que forman un sistema domótico.	3	Elementos dunha instalación domótica	1,0
4.1 Coñecer os distintos sistemas empregados en domótica.	4	Sistemas domóticos	2,0
TOTAL			5

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Recoñecéronse os tipos de automatizacións domésticas.	● PE.1 - Proba escrita sobre os tipos de automatizacións.	S	20
CA1.3 Recoñecéronse aplicacións automáticas nas áreas de control, confort, seguridade, enerxía e telecomunicacións.	● PE.2 - Proba escrita sobre aplicacións automáticas nas áreas de control, confort,...	S	20
CA1.5 Descríbense as topoloxías das redes de datos.	● PE.3 - Proba escrita sobre topoloxías	S	20
CA2.1 Descríbense os tipos de instalacións automatizadas en vivendas e edificios en función do sistema de control (centralizado, descentralizado e distribuído, etc.).	● PE.4 - Proba escrita	S	20
CA2.8 Descríbense os sistemas sen fíos.	● PE.5 - Proba escrita sobre sistemas sen fíos	N	5
CA3.5 Montáronse sensores e actuadores, elementos de control e supervisión dun sistema domótico por bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos.	● LC.1 - Lista de cotexo sobre sensores e actuadores.	S	10
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.	● TO.1 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,...	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas domóticos aplicados ás vivendas e edificios.
Áreas de aplicación das instalacións en vivendas e edificios.
Áreas de confort, de xestión da enerxía, de control centralizado e distribuído, de xestión de alarmas e de xestión das telecomunicacións.
Sistemas sen fíos.
Normativa e regulamentación.
Coordinación entre sistemas.
Normativa de seguridade eléctrica.
Avarías tipo nas instalacións automatizadas: síntomas e efectos.
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Domótica - Explicación da domótica.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar que é a domótica. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. Contestar as cuestións propostas no seu caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita sobre os tipos de automatizacións. PE.4 - Proba escrita 	1,0
Áreas de aplicación da domótica - Onde se aplica a domótica.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as áreas de aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. Contestar as cuestións propostas no seu caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba escrita sobre aplicacións automáticas nas áreas de control, confort,... 	1,0
Elementos dunha instalación domótica - Partes da instalación domótica.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os elementos dunha instalación domótica. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. Contestar as cuestións propostas no seu caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba escrita sobre aplicacións automáticas nas áreas de control, confort,... PE.5 - Proba escrita sobre sistemas sen fíos TO.1 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,... 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Sistemas domóticos - Clases de sistemas domóticos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os sistemas domóticos. Proporcionar direccións de fabricantes de equipos domóticos. - Axudar na búsqueda, descarga e interpretación da información - Supervisar a búsqueda para que non perdan tempo con outras cousas - Supervisar e verificar a súa correcta realización. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. Contestar as cuestións propostas no seu caderno. Eercicio de investigación. Para que o alumno/a busque información en Internet dos sistemas de distintos fabricantes e realice un análise dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos. Realización dun resumen e identificación dos equipos domóticos 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. Direccións de fabricantes de equipos domóticos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Lista de cotexo sobre sensores e actiadores. PE.1 - Proba escrita sobre os tipos de automatizacións. PE.3 - Proba escrita sobre topoloxías PE.4 - Proba escrita PE.5 - Proba escrita sobre sistemas sen fíos TO.1 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas... 	2,0
TOTAL						5,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Automatismos cableados	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica áreas e sistemas automáticos que configuran as instalacións automatizadas en vivendas e edificios, e analiza o funcionamento, as características e as normas de aplicación.	NO
RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e recoñece o seu funcionamento.	NO
RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.	NO
RA4 - Monta as áreas de control dunha instalación domótica seguindo os procedementos establecidos.	NO
RA5 - Mantén instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.	NO
RA6 - Diagnostica avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición, e relaciona as avarías coas súas causas.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os esquemas de conexión e manobra	1	Esquemas de conexión y de manobra	2,0
2.1 Coñecer os distintos automatismos da lóxica cableada.	2	Automatismos	2,0
3.1 Coñecer o autoenclavento.	3	Autoenclavamento.	1,0
4.1 Coñecer os automatismos con temporizadores	4	Automatismos con temporizadores.	5,0
TOTAL			10

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Descríbense as características dos condutores utilizados neste tipo de instalación.	● PE.1 - Proba escrita sobre características dos condutores.	N	5
CA1.9 Relacionáronse os elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas.	● PE.2 - Proba escrita sobre relación dos elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas.	S	10
CA1.10 Identificáronse os elemento dun automatismo cableado	● LC.1 - Lista de cotexo sobre os elementos dun automatismo cableado.	S	10
CA2.11 Utilizouse documentación técnica.	● LC.2 - Lista de cotexo sobre a utilización da documentación técnica.	S	10
CA3.6 Verificouse o seu correcto funcionamento.	● LC.3 - Lista de cotexo sobre verificación do correcto funcionamento.	S	10
CA3.8 Aplicouse a normativa.	● TO.1 - Taboa de observación sobre aplicación da normativa.	N	5
CA4.2 Utilizáronse as ferramentas e os equipamentos acaídos para cada sistema.	● LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización das ferramentas.	N	5

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.9 Respectáronse os criterios de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Taboa de observación sobre si se respectaron os criterios de calidade. 	N	5
CA5.1 Axustáronse as áreas de xestión para que funcionen coordinadamente.	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Lista de cotexo sobre axuste das áreas de xestión. 	N	5
CA5.6 Realizáronse as probas, as comprobacións e os axustes coa precisión necesaria para a posta en servizo da instalación, seguindo o especificado na documentación técnica.	<ul style="list-style-type: none"> LC.6 - Lista de cotexo sobre si se realizaron probas, comprobacións,... 	S	10
CA6.3 Identifícanse os elementos susceptibles de mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Lista de cotexo sobre identificación de elementos susceptibles de mantemento. 	N	10
CA6.10 Respectáronse os criterios de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Taboa de observación sobre cumprimento dos criterios de calidade. 	N	5
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,.. 	S	5
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Taboa de observación sobre orde e limpeza nas instalacións con automatismos cableados. 	S	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Automatismos cableados</p> <p>Planos e esquemas eléctricos normalizados: tipoloxía.</p> <p>Preinstalación de sistemas automáticos: canalizacións, tubaxes, caixas, estrutura, etc.</p> <p>Ferramentas e equipamentos.</p> <p>Normativa e regulamentación.</p> <p>Prevención de accidentes.</p> <p>Normativa de seguridade eléctrica.</p> <p>Avarias tipo nas instalacións automatizadas: síntomas e efectos.</p> <p>Identificación de riscos.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Esquemas de conexión y de maniobra - Coñecer os esquemas de conexión e maniobra.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o esquema de mando e maniobra. Compoñentes dun automatismo cableado. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> Repasar e ampliar coñecementos sobre esquemas de mando e maniobra. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Lista de cotexo sobre a utilización da documentación técnica. PE.2 - Proba escrita sobre relación dos elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas. TO.1 - Taboa de observación sobre aplicación da normativa. 	2,0
Automatismos - Coñecer elementos dos automatismos: pulsadores, contactores,...	<ul style="list-style-type: none"> Explicar e repasar o relé e o contactor. 		<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Lista de cotexo sobre os elementos dun automatismo cableado. LC.2 - Lista de cotexo sobre a utilización da documentación técnica. LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización das ferramentas. LC.5 - Lista de cotexo sobre axuste das áreas de xestión. LC.6 - Lista de cotxo sobre si se realizaron probas, comprobacións,... LC.7 - Lista de cotexo sobre identificación de elementos susceptibles de mantemento. TO.1 - Taboa de observación sobre aplicación da normativa. TO.2 - Taboa de observación sobre si se respectaron os criterios de calidade. TO.3 - Taboa de observación sobre cumprimento dos criterios de calidade. TO.4 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,... TO.5 - Taboa de observación sobre orde e limpeza nas instalacións con automatismos cableados. 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Autoencravamento. - Coñecer o autoencravamento	<ul style="list-style-type: none"> Explicar e repasar un encendido e apagado dunha luz con retención. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun montaxe con retención. Simular o montaxe con un software de automatismos cableados. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos. Realización dun montaxe con retención. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. Software de simulación de automatismos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Lista de cotexo sobre a utilización da documentación técnica. LC.3 - Lista de cotexo sobre verificación do correcto funcionamento. LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización das ferramentas. LC.5 - Lista de cotexo sobre axuste das áreas de xestión. LC.6 - Lista de cotexo sobre si se realizaron probas, comprobacións,... PE.2 - Proba escrita sobre relación dos elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas. TO.1 - Taboa de observación sobre aplicación da normativa. TO.2 - Taboa de observación sobre si se respectaron os criterios de calidade. TO.3 - Taboa de observación sobre cumprimento dos criterios de calidade. TO.4 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,... TO.5 - Taboa de observación sobre orde e limpeza nas instalacións con automatismos cableados. 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Automatismos con temporizadores. - Coñecer os automatismos con temporizadores.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os distintos tipos de temporizadores. Explicar distintos circuitos con temporizadores. 	<ul style="list-style-type: none"> Montar e comprobar o funcionamento de circuitos con temporizadores. Simular circuitos con software de automatismos cableados. 	<ul style="list-style-type: none"> Que o alumno coñeza os temporizadores e as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Internet. Software de simulación de automatismos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Lista de cotexo sobre os elementos dun automatismo cableado. LC.2 - Lista de cotexo sobre a utilización da documentación técnica. LC.3 - Lista de cotexo sobre verificación do correcto funcionamento. LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización das ferramentas. LC.5 - Lista de cotexo sobre axuste das áreas de xestión. LC.6 - Lista de cotexo sobre si se realizaron probas, comprobacións,... LC.7 - Lista de cotexo sobre identificación de elementos susceptibles de mantemento. PE.1 - Proba escrita sobre características dos conductores. TO.1 - Taboa de observación sobre aplicación da normativa. TO.2 - Taboa de observación sobre si se respectaron os criterios de calidade. TO.3 - Taboa de observación sobre cumprimento dos criterios de calidade. TO.4 - Taboa de observación sobre riscos que supón a manipulación de materiais, ferramentas,... TO.5 - Taboa de observación sobre orde e limpeza nas instalacións con automatismos cableados. 	5,0
TOTAL						10,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Sensores e actuadores	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica áreas e sistemas automáticos que configuran as instalacións automatizadas en vivendas e edificios, e analiza o funcionamento, as características e as normas de aplicación.	NO
RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e recoñece o seu funcionamento.	NO
RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.	NO
RA4 - Monta as áreas de control dunha instalación domótica seguindo os procedementos establecidos.	NO
RA5 - Mantén instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer e diferenciar os sensores e actuadores empregados habitualmente en instalacións domóticas	1	Definicións e aplicacións do sensores e actuadores	5,0
2.1 Identificar os tipos de sinais que poden entregar os sensores Coñecer os símbolos utilizados para representar os sensores e actuadores nos esquemas eléctricos	2	Sinais e simboloxía empregada en sensores e actuadores	5,0
3.1 Aprender a montar sensores e actuadores	3	Montar circuitos de aplicación con sensores e actuadores.	10,0
TOTAL			20

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Identifícaronse os equipamentos e os elementos que configuran a instalación automatizada, para o que se interpretou a documentación técnica.	● LC.1 - Lista de cotexo sobre os equipamentos e os elementos, para o que se interpretou a documentación técnica.	S	10
CA1.8 Consultouse a normativa relativa ás instalacións automatizadas en vivendas.	● TO.1 - Taboa de observación sobre normativa.	S	10
CA1.9 Relacionáronse os elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas.	● LC.2 - Lista de cotexo sobre a relación dos elementos cos símbolos.	S	5
CA2.3 Identificouse a configuración dos sensores e dos actuadores.	● LC.3 - Lista de cotexo sobre identificación e configuración de sensores e actuadores.	S	10
CA2.11 Utilizouse documentación técnica.	● LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización de documentación técnica.	N	5
CA3.3 Conectáronse os sensores e os actuadores para un sistema domótico con autómatas programable.	● LC.5 - Lista de cotexo sobre conexión dos elementos co PLC.	S	10
CA3.5 Montáronse sensores e actuadores, elementos de control e supervisión dun sistema domótico por bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos.	● LC.6 - Lista de cotexo sobre conexión dos elementos nun sistema de bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos.	S	10
CA4.1 Consultáronse catálogos comerciais para seleccionar os materiais que se teña previsto instalar.	● LC.7 - Lista de cotexo sobre consulta de catálogos comerciais.	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.2 Utilizáronse as ferramentas e os equipamentos acaídos para cada sistema.	<ul style="list-style-type: none"> LC.8 - Lista de cotexo sobre a utilización de ferramentas e os equipamentos para cada sistema. 	S	5
CA4.3 Elixíuse a opción que mellor cumpra as especificacións funcionais, técnicas e normativas, así como de obra da instalación.	<ul style="list-style-type: none"> LC.9 - Lista de cotexo sobre a mellor opción que cumpra as especificacións técnicas, normativas, e de obra da instalación. 	N	5
CA5.3 Identifícaronse os elementos susceptibles de mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> LC.10 - Lista de cotexo sobre os elementos susceptibles de mantemento. 	N	5
CA5.4 Comprobose a compatibilidade do elemento substituído.	<ul style="list-style-type: none"> LC.11 - Lista de cotexo sobre a comprobación da compatibilidade do elemento substituído. 	N	5
CA5.5 Comprobose, en caso de mantemento correctivo, se a avaría coincide coa indicada no parte de avarias.	<ul style="list-style-type: none"> LC.12 - Lista de cotexo sobre a comprobación da avaría. 	S	5
CA7.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Taboa de observación sobre os riscos e o nivel de perigo. 	N	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Transducción das principais magnitudes físicas: temperatura, presión, velocidade, iluminación, etc.</p> <p>Elementos fundamentais dunha instalación domótica: sensores, actuadores, dispositivos de control e elementos auxiliares.</p> <p>Cálculos necesarios.</p> <p>Emprazamento e montaxe dos elementos das instalacións domóticas en vivendas e edificios segundo a área de aplicación e nos edificios.</p> <p>Mantemento de sistemas en instalacións domóticas.</p> <p>Mantemento de mecanismos específicos dos sistemas domóticos.</p> <p>Identificación de riscos.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Definicións e aplicacións dos sensores e actuadores - Sensores e actuadores: concepto e aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do profesor de concepto e aplicacións dos sensores e actuadores. 	<ul style="list-style-type: none"> Prestar atención as explicacións do profesor recollendo anotacións no seu caderno e participar preguntando dúbidas ou expoñendo as súas opinións. Contestar os exercicios propostos no seu caderno, para elo debe ler a UD e repasar os seus apuntes, para poder razoar algunhas das respostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de coñecementos sobre sensores e actuadores. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Información técnica dos fabricantes. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Lista de cotexo sobre os equipamentos e os elementos, para o que se interpretou a documentación técnica. LC.3 - Lista de cotexo sobre identificación e configuración de sensores e actuadores. LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización de documentación técnica. LC.7 - Lista de cotexo sobre consulta de catálogos comerciais. 	5,0
Sinais e simboloxía empregada en sensores e actuadores - Coñecer os tipos de sensores segundo o sinal empregado.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os sinais e simboloxía empregados nos sensores e actuadores. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os sensores e actuadores e os seus símbolos. Medir os sinais dos sensores. 	<ul style="list-style-type: none"> Que o alumno coñeza os sinais e simboloxía dos sensores e actuadores. 	<ul style="list-style-type: none"> PC, canón proxector, pizarra e tizas de cores, diapositivas da UD. O caderno do alumno/a. O libro de texto. Diferentes tipos de sensores. Aparatos de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Lista de cotexo sobre a relación dos elementos cos símbolos. LC.3 - Lista de cotexo sobre identificación e configuración de sensores e actuadores. LC.4 - Lista de cotexo sobre utilización de documentación técnica. LC.9 - Lista de cotexo sobre a mellor opción que cumpra as especificacións técnicas, normativas, e de obra da instalación. TO.1 - Taboa de observación sobre normativa. 	5,0
Montar circuitos de aplicación con sensores e actuadores. - Montaxe de sensores e actuadores.	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a disposición e montaxe dos compoñentes sobre o taboleiro, cablear seguindo o esquema, e realizar as probas necesarias para verificar o seu correcto funcionamento antes da súa posta en tensión. Realizar unha memoria técnica sobre o traballo desenvolvido no seu caderno empregando regra e bolígrafos de cores. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización e conexión de circuitos con sensores e actuadores. Realización no caderno dunha memoria técnica sobre o traballo desenvolvido. 	<ul style="list-style-type: none"> O caderno do alumno/a, os apuntes de clase e o libro de texto, a ferramenta do alumno, os taboleiros de madeira, material de vivenda (caixas de derivación, CXMP, interruptores, pulsadores, sensores de vento, de humidade, de temperatura, de luminosidade, magnéticos, de lume, de fume, de gas, de presenza, etc., cronotermosstatos, etc., enchufes, placas, fio de 1,5 mm², de 2,5 mm², tubo corrugado reforzado de 20mm de diámetro, tirafondos, fichas de empalme, abrazadeiras, portalámparas, lámpadas incandescentes, etc.... 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Lista de cotexo sobre conexión dos elementos co PLC. LC.6 - Lista de cotexo sobre conexión dos elementos nun sistema de bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos. LC.8 - Lista de cotexo sobre a utilización de ferramentas e os equipamentos para cada sistema. LC.10 - Lista de cotexo sobre os elementos susceptibles de mantemento. LC.11 - Lista de cotexo sobre a comprobación da compatibilidade do elemento substituído. LC.12 - Lista de cotexo sobre a comprobación da avaría. TO.2 - Taboa de observación sobre os riscos e o nivel de perigo. 	10,0



	TOTAL	20,0
--	-------	------

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistema por correntes portadoras X10	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica áreas e sistemas automáticos que configuran as instalacións automatizadas en vivendas e edificios, e analiza o funcionamento, as características e as normas de aplicación.	NO
RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e recoñece o seu funcionamento.	NO
RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.	NO
RA4 - Monta as áreas de control dunha instalación domótica seguindo os procedementos establecidos.	SI
RA5 - Mantén instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.	SI
RA6 - Diagnostica avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición, e relaciona as avarías coas súas causas.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o sistema X-10	1	O sistema X-10.	2,0
2.1 Planificar e desenrolar instalacións domotizadas en vivendas e edificios con este sistema. Configurar e direccionar os módulos que forman a estrutura deste sistema nunha aplicación para unha vivenda unifamiliar.	2	Montaxe, configuración, e verificación dos elementos do sistema X-10	5,0
TOTAL			7

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Recoñécéronse os principios de funcionamento das redes automáticas en vivendas e edificios.	● LC.1 - Lista de cotexo sobre principios de funcionamento.	S	2
CA1.3 Recoñécéronse aplicacións automáticas nas áreas de control, confort, seguridade, enerxía e telecomunicacións.	● LC.2 - Lista de cotexo sobre recoñecemento de aplicacións automáticas.	S	2
CA1.4 Descríbense as tecnoloxías aplicadas á automatización de vivendas.	● PE.1 - Proba escrita sobre tecnoloxías aplicadas a automatización.	S	2
CA1.6 Descríbense as características dos condutores utilizados neste tipo de instalación.	● PE.2 - Proba escrita sobre características dos condutores.	S	2
CA1.7 Identificáronse os equipamentos e os elementos que configuran a instalación automatizada, para o que se interpretou a documentación técnica.	● LC.3 - Lista de cotexo sobre identificación dos equipamentos.	S	2
CA1.8 Consultouse a normativa relativa ás instalacións automatizadas en vivendas.	● LC.4 - Lista de cotexo sobre normativa.	S	2
CA1.9 Relacionáronse os elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas.	● PE.3 - Proba escrita sobre relación dos elementos da instalación cos símbolos.	S	2
CA2.2 Recoñécéronse as técnicas de transmisión.	● PE.4 - Proba escrita sobre técnicas de transmisión.	S	2
CA2.4 Descríbense os protocolos das instalacións automatizadas.	● PE.5 - Proba escrita sobre protocolos.	S	2

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Descríronse os sistemas por correntes portadoras.	● PE.6 - Proba escrita sobre sistemas correntes portadoras.	S	2
CA2.9 Realizáronse os cálculos necesarios para configurar as instalacións.	● LC.5 - Lista de cotexo sobre calculos.	S	2
CA2.10 Utilizouse o software de configuración adecuado a cada sistema.	● LC.6 - Lista de cotexo sobre utilización do software.	S	3
CA2.11 Utilizouse documentación técnica.	● LC.7 - Lista de cotexo sobre documentación técnica.	S	2
CA3.1 Realizáronse os esbozos e os esquemas necesarios para configurar as instalacións.	● LC.8 - Lista de cotexo sobre esbozos e esquemas.	S	2
CA3.2 Determináronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos da instalación.	● LC.9 - Lista de cotexo sobre parámetros de elementos e equipamentos.	S	2
CA3.5 Montáronse sensores e actuadores, elementos de control e supervisión dun sistema domótico por bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos.	● LC.10 - Lista de cotexo sobre montxe de sensores e actuadores.	S	2
CA3.6 Verificouse o seu correcto funcionamento.	● LC.11 - Lista de cotexo sobre verificación de correcto funcionamento.	S	2
CA3.7 Respectáronse os criterios de calidade.	● TO.1 - Taboa de observación sobre criterios de calidade.	S	2
CA3.8 Aplicouse a normativa.	● TO.2 - Taboa de observación sobre normativa.	S	2
CA4.1 Consultáronse catálogos comerciais para seleccionar os materiais que se teña previsto instalar.	● LC.12 - Lista de cotexo sobre consulta de catálogos.	S	2
CA4.2 Utilizáronse as ferramentas e os equipamentos acaídos para cada sistema.	● LC.13 - Lista de cotexo utilización de ferramentas.	S	3
CA4.3 Elixíuse a opción que mellor cumpra as especificacións funcionais, técnicas e normativas, así como de obra da instalación.	● LC.14 - Lista de cotexo opción que cumpra mellos as especificacións funcionais, técnicas,...	S	2
CA4.4 Realizáronse os esbozos e os esquemas para configurar a solución proposta.	● LC.15 - Lista de cotexo sobre esquemas .	S	3
CA4.5 Tendéronse os cables conforme as características do sistema.	● LC.16 - Lista de cotexo sobre o tendido de cables.	S	2
CA4.6 Programáronse os elementos de control de acordo coas especificacións dadas e o manual de fábrica.	● LC.17 - Lista de cotexo sobre programación dos elementos de control.	S	3
CA4.7 Realizouse a posta en servizo da instalación.	● LC.18 - Lista de cotexo sobre a posta en marcha da instalación.	S	2
CA4.8 Realizouse o orzamento correspondente á solución adoptada.	● LC.19 - Lista de cotexo sobre orzamento.	S	3
CA4.9 Respectáronse os criterios de calidade.	● TO.3 - Taboa de observación sobre criterios de calidade.	S	2
CA5.1 Axustáronse as áreas de xestión para que funcionen coordinadamente.	● LC.20 - Lista de cotexo sobre axuste de áreas de xestión.	S	2
CA5.2 Medíronse os parámetros eléctricos de distorsión na rede.	● LC.21 - Lista de cotexo sobre medidas de parámetros eléctricos.	S	3
CA5.3 Identificáronse os elementos susceptibles de mantemento.	● LC.22 - Lista de cotexo sobre identificación de elementos susceptibles de mantemento.	N	2
CA5.4 Comprobouse a compatibilidade do elemento substituído.	● LC.23 - Lista de cotexo sobre compatibilidade do elemento substituído.	S	3
